

Fishernet: un proxecto europeo para conservar o patrimonio pesqueiro

Fishernet é un proxecto aprobado en agosto de 2008 no marco do Programa Cultura da Unión Europea, que pretende conservar, divulgar e poñer en valor o patrimonio cultural das comunidades pesqueiras.

O programa agrupa as comunidades pesqueiras galegas de Muros, Lira e O Pindo, representadas polas súas confrarías de pescadores, e comunidades pesqueiras de Islandia, Noruega, Escocia, Chipre e Bulgaria.

A representación de Galicia complétase coa participación como socios do proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Evitar a perda dun patrimonio en risco de desaparición

O proxecto nace da preocupación destas comunidades pesqueiras polo risco de perder o seu patrimonio cultural pesqueiro por causa dos cambios estruturais, sociais e económicos que nos últimos tempos afectaron á pesca, e pretende crear unha rede de comunidades que traballan na identificación, recuperación e divulgación do seu patrimonio pesqueiro.

A creación desta rede facilitará compartir e intercambiar as experiencias e boas prácticas na posta en valor e conservación do patrimonio pesqueiro, a través de seminarios con participación das comunidades integradas e reunións con expertos. A elaboración dun estudo sobre a situación actual do patrimonio pesqueiro en Europa e a realización de actividades con participación de artistas e escritores forman parte do desenvolvemento do proxecto

6 de xullo de 2012

Salón de Actos do Concello

Programa

10:00 h.- Inauguración

10:15 h.- Presentación de resultados do proxecto Fishernet

Socios do proxecto Fishernet

11:00 h.- European Maritime Heritage (Asociación Europea do Patrimonio Marítimo)

Representante de EMH

11:30 h.- Patrimonio cultural da pesca na Costa da Morte

Relatorio a cargo de Manuel Vilar Álvarez

12:00 h.- Recital poético

Alexandre Nerium

12:30 h.- Atlántica Vapora Orquestra. A musica mariñeira de Vilaxoán

Ramón Pinheiro Almuinha e Mauro Sanín.
aCentral Folque

13:00 h.- Clausura

Secretario Xeral de Cultura, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Alcalde de Carnota, Patróns Maiores, Presidente de Cogami, .